



Concello de Mugar dos



Actos do Concello de Mugar dos para conmemorar o Día para a eliminación da violencia contra as mulleres, 25 de novembro 2022

A actividade consistirá nunha **Andaina contra a violencia machista** na que participarán alumnado de 1º e 2º da ESO e FP Básica do IES de Mugar dos, e o alumnado de primaria do CEIP Unión Mugar desa, do CEIP Santiago Apóstol de Franza e do CPR Loyola.

Convócase a toda a poboación mugar desa a que participe nestes actos:

Reunirémonos ás 11.00h. no pavillón municipal e de 11 a 11:20 farase o recorrido a pé ata a praza do concello. Repartirase a cada participante un pano identificativo.

Ás 11:30 concentraranse na praza do Concello e procederase ás seguintes actividades:

- Lectura de declaración institucional ou manifesto
- Minuto de silencio
- Solta de globos simbólica: un por cada unha das mulleres asasinadas no territorio español no ano 2022

As 12:00 o alumnado de cada centro regresará ao mesmo polo itinerario indicado.

Estes actos están cofinanciados cos Fondos do Pacto de estado contra a violencia de xénero, ao igual que o proxecto que se inicia no alumnado de primaria nos próximos días: **“As mulleres que nos constrúen”**. Versa sobre xenealoxía feminina e rescate de historias de vida nas familias do alumnado.

O 15 e o 19 de decembro no IES de Mugar dos, terán lugar actividade en relación á prevención da violencia contra as mulleres:

- **Violencia de xénero: unha historia real**, supervivinte da violencia machista Sesé Mateo relata a súa experiencia amosando a realidade das vítimas invisibilizadas da violencia machista
- **Exposición Chicas nuevas 24 horas e obradoiro formativo**: baseada no documental do mesmo nome da directora e documentalista Mabel Lozano, no que se denuncia o negocio que xera a explotación sexual de mulleres e nenas. Esta actividade formaparte das ofertadas dentro da Rede galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero da Xunta de Galicia, á que o Concello está adscrito.

Nuns días estarán listos os **calendarios do 2023** que tradicionalmente o Concello de Mugar dos reparte a toda a poboación, co deseño realizado por alumnado da vila dentro dunha campaña contra a violencia de xénero no pasado curso en todos os centros educativos da vila denominada **“Entérate Mugar dos”**